

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VII — NÚMERO 190 — 15 AGOSTO 1923

Bases das Escolas do Insiño Galego Anexas a "Irmandade da Fala" na Cruña

Base 1.^a O insiño n'estas Escolas faráse no idioma hespañol, si ben utilizando tamén o galego na letura da nosa literatura peculiar e demais libros didáticos que se poidan outer, e para algunhas espricaciós de leiciós prácticas, a fin de qu-os nenos poidan comprender mellor as ensinanzas d-os mestres.

Base 2.^a As «Escolas do Insiño Galego» gobernaranse autónomamente por un Consello administrativo formado pol-o Conselleiro 1.^o da Irmandade da Fala, que será o presidente nado; o Presidente da Sección de Cultura e Fala, tamén da Irmandade, que desempeñará o cárrago de Segretario; o Tesoureiro da mesma entidade de que n-iste Consello será o Tesoureiro-Contador, e dous escolantes d-ambos sexos reconócido galeguismo; que serán os asesores técnicos. Todo-os membros d-este Consello terán voz e voto.

Base 3.^a Este Consello procurará coñecer o maior número de Socios Protectores das Escolas do Insiño Galego, os que satisfarán unha cuota mínima de duas pesetas mensuales; solicitará subvención de todas as entidades galegas da Terra e do estranxeiro e fomentarán, en fin, o maior número d-ingresos para esta patriótica labor.

Base 4.^a A «Irmandade da Fala» na Cruña comprométese a ceder gratuitamente un espacioso local para o funcionamento das primeiras Escolas.

Para os fillos de Galicia

Galegos: Si este nome que levamos desde que nascemos ten de servinnos d-orgullo, estamos na obriga d-axudar e propagar o desenvolvemento das Escolas do Insiño Galego.

Porque si é obra santa e patriótica o fundar e soste escolas que rediman ao pobo galego da morancia en que está sumido, moito mais patriótica e mais santa ten de ser si estas escolas han de servir para inculcar nas xeneraciós futuras a verdadeira concencia galega.

Non ll-abonda a Galicia qu-os seus fillos seipañ ller i escribir.

Galicia percisa qu-os seus fillos lean i escriban n-a sua Fala para qu-a sintan, qu-estuden n-a sua Xeografía para qu-a coñezan, e coñecéndo-a queñan-a; que lles digan das górias d-os seus homes para honral-os, que bebhan nas fontes da sua Tradição, da sua Cultura e da sua Arte para qu-as continúen sin influéncias alleas e que seipañ pol-a sua Historia dos aldraxes e das persecuciós de que foi vítima.

Esto é o que fai a «Irmandade da Fala» ao crear as Escolas do Insiño Galego, cuas Bases acompañamos.

Base 5.^a O boletín A NOSA TERRA publicará mensualmente o estado de contas das Escolas, para satisfaiçión e coñecimento dos contribuentes.

Base 6.^a Por entender qu-o maior rendimento no insiño é o da escola graduada, a primeira Escola ten de ser para Parvulos (4 a 7 anos) pois d-iste xeito e, si como agardamos, o eisito nos acompañaa, ao cumprir a idade máisima os nenos d-este grado constituirase a escola elemental.

Base 7.^a Ningún escolante terá ao seu cárrago mais de 50 alumnos.

Base 8.^a O insiño nestas Escolas será gratuito así como os libros e demais material perciso.

Base 9.^a Non serán admitidos nestas Escolas nenos os nenos galegos e fillos de galegos, tendo dereito de prelación os fillos dos Socios Protectores das Escolas ou os dos Irms da Fala.

Base 10.^a Os libros de texto nas Escolas desinará-os o Consello administrativo das mesmas.

Base 11.^a Iestas Bases poderánse reformar cando o Consello así o considere comenente.

A Cruña 8 de Julio do 1923.

PROTAXENDO DE ESCOLA DO INSINO GALEGO

E OBRIGA de todo hon patriota contribuir ao soste nimento d-as ESCOLAS D'O INSINO GALEGO. Home mesmo debe escribirmos indicanda a cantidade con que se suscribe a tan grande obra.

O COMITE PRO-ESCOLAS

Prasa María Pita, 17, baixo.

O nacionalismo catalán chegou a ser un problema dos cataláns. En todo momento por os seus representantes deo de o problema catalán foi planteado o problema nacionalista.

Encol do arredismo

III

No primeiro artigo deixara dito que Cataluña é o eixo da custión arredista na Hespaña. Efeitivamente, por ser Cataluña a nacionalidade onde mais vivamente latexa aquel sentimento patriótico e reivindicador, e la é a que vai á vanguardia do movemento.

Quero hoxe falar algo de Cataluña. Ela é, das nacionalidades ibéricas, unha das mais compretas e definidas. O caso de Cataluña, no que se refire a tér características propias, como son idioma, costumes, sentimentos e demais, é semellante ao de Galicia. As mesmas razóns que expuxen falando de Galicia no artigo anterior adáptanse perfectamente ao caso de Cataluña. Cataluña, como pobo definido e difrente dos demais, tén perfecto dereito a se sentir arredista e arelar unha vida mais próspera e mais chea de libertades. Pero hai outras razóns que imos examinar.

Se non pode negar que Cataluña é a nacionalidade mais culta e que se atopa en mais grande progreso, en todol-os ordes, de cantas constituíen o Estado hespañol. Por ela chegan a Hespaña correntes de civilización e por ela principalmente sabemos todol-os demais cantas novidades van xurdindo no mundo. Gracias ao fondo catalanismo que os seus fillos sinten e que en todo momento demostran, Cataluña chegou a conquistar un indiscutible adianto que a coloca á cabeza dos demais pobos da Hespaña. No que se refire á cultura todos sabemos o moito que alí se fai e a infinidade de centros culturás que alí existen. No aspecto material ninguén os desconoce e non fai falla falar d'elo. Co seu propio esforzo conquistaron facer unha capital como Barcelona, que é a millor de Hespaña e unha d'as milloras de Europa. Compre deixar ben sentado, porque é certo, que Cataluña é a nacionalidade de Hespaña mais europea e mais adiantada.

Pois todo eso foi conquistado por eles mesmos. Todol-os catalás, dende o mais alto ao mais baixo, levan sempre por bandeira o nome de Cataluña e todol-os seus traballos teñen a exclusiva finalidade de conquistar para ela os mais grandes progresos. Dirase que moito o conquistaron do Estado oficial, pero non esquezamos que Cataluña contribuíe tamén ao Estado e nada tén de particular que procuren abranguer para eles todo canto poidan. N'esto tamén danlles leiciós aos demais cidadáns das outras nacionalidades.

Ao mesmo tempo que Cataluña traballou pol-o seu progreso material e espiritual foise creando un sentimento nacionalista que hoxe tomou carater de arredista e que en ningunha outra nacionalidade chegou a se lle igualar. Hoxe todo catalán pensa en catalanista con mais ou menos radicalismo.

O nacionalismo catalán chegou a ser un problema dos mais difíciles para os Gobiernos da Hespaña.

En todo momento pol-os seus representantes perto do Estado hespañol foi prantexado o problema nacionalista

e nunca se lle dou unha solución. En troques de tratar de o resolver comenzóuselles a inxuriar e a lles chamar arredistas cando eles non pensaban mais que en rexionalistas. Viñeron as campañas noxentas do noxento "A B C", creouse entre os hespañolistas de pandeireta un ambiente de hostilidade hacia eles, se lles chamou cen mil cousas e aínda hoxe o xefe do Goberno autual dixo que non tolera que se lle fale de tal problema. Todo ese veu, pero a solución non se vislumbra por ningures. O que ao comenzo podía ter unha solución armoñosa, hoxe xá a non pode ter senón é pol-a forza.

Os catalás decatados d'eso fóronse arredando da Hespaña oficial e xá para eles non pode haber mais solución que un arredamento ausoluto.

A culpa non é somentes d'eles senón e moi principalmente dos contrarios. Ao mesmo tempo os catalás decatáronse da sua superioridade, que se non pode negar, sobor do Estado hespañol e do resto dos hespañoles, pois eles souperon construír unha Patria culta e traballadora, cousa que non puideron nin pretendieron facer, os que rixen o Estado nen todol-os demais. No caso de Cataluña vese ben craro a enorme superioridade do pobo sobor do Estado e que Cataluña é meresciente de millores Gobiernos se cada pobo ha de ter o Goberno que meresce. Moito mais poidéramos decir pero abonda.

Resumindo. En Cataluña existe latexante e fortemente vivo un fondo sentimento nacionalista. Pol-o seu propio esforzo Cataluña é hoxe o pobo mais grande de cantos forman Hespaña. Ela quere ser libre e mais grande aínda e sabe que dentro do autual réxime non o pode conquistar. Sempre que prantexou o seu problema respondéuselle con bulras e aldraxes. Namentras ela foi para arriba, o Estado hespañol camiñou sempre barranca abaixo. Decatouse da desfeita que a Hespaña agárdalle e quere poñerse en salvo denantes de que non haxa remedio. Por todas estas razóns e porque Cataluña é un pobo vivo e ben definido con características que o distinguen dos demais, e que ten dereito a conservar, é pol-o que Cataluña aspira a un arredamento salvador que lle permita desenrolarse libremente. Nada mais xusto. E aínda hai outra razón que para min é perdersísima. Esta razón é a da propia vountade: Ninguén pode negar que Cataluña tén vountade de ser libre.

E non val decir que a ela lle non convén arredarse. Eso é cousa que somentes atañe a eles. O que eu non comprendo é como Cataluña non o fixo xá e leva agardando tanto tempo.

Eu teño a seguridade de que si en Galicia houbera un sentimento tan forte como hai en Cataluña, os galegos non teríamos tanta pacencia.

VICTOR CASAS.

PROTEXENDO as ESCOLA D'O INSINO GALEGO farás mais pol-o ben de Galicia que todol-os deputados n'o Palramento hespañol.

O "Día de Galicia"

Este ano, o mesmo que os dous anteriores, celebróuse o "Día de Galicia" en varios pobos da Terra. Onde mais se festexou foi en Vigo e na Cruña.

En Vigo, a delegación da I. N. G. celebrou unha festa galega no teatro "Odeón", onde foron representadas varias obras galegas, cantaron os coros da "Artística" e "Queixumes dos Pinos" e pronunciou un gran discurso nacionalista o presidente da delegación, noso querido irmán Paz Andrade. A banda de música tocou na Alameda o Hino Galego e o Concello pendurou por vez primeira a bandeira galega no seu edificio.

Na Cruña, a "Irmandade da Fala" dirixiuse a todol-as sociedades rogándolles colocaran a bandeira e accedendo ao rogo colocárona a "Reunión de Artesanos", que xa o viña facendo, o "Novo Club", por primeira vez puxo colgadura galega co'a hespañola e o "Sporting Club" tamén por vez primeira, colocou somentes colgadura galega. O Concello pendurou a bandeira que fai tres anos regaloulle a "Irmandade", e esta, como é natural, tamén pendurou a súa. Además, o Sr. Pastor puxo no edificio que está construíndo no Cantón as bandeiras galega e hespañola, e o "Atlantic Hotel" a galega nada mais.

Os sextetos que actúan nos cafés tocaron música galega, tamén a petición da "Irmandade". Esta pol-a súa conta espallou por toda a Cruña a follá que publicamos no derradeiro número e que mereceu grandes gabanzas. Publicou o número extraordinario de A NOSA TERRA, que se vendeu pol-as rúas. Dende as duas da tarde en que saíron os primeiros números hasta a noite vendéronse cerca de catro centros exemplares. O número mereceu moitas loubanzas e nós temos recibido moitas felicitações que agradecemos.

A noite, un grupo de mais de trinta irmáns da fala, xuntáronse a cear no restaurant "Rialeda", situado no Pasaxe, e no acto, que revestiu unha grande solemnidade e ateigado de santa irmandade e fé no triunfo do ideal nacionalista, pronunciaron unhas verbas os irmáns Lugrís e Peña Novo e fixéronse votos pol-a liberdade da Patria.

Ao remate cantouse o noso Hino Nacional.

E así rematou o "Día de Galicia" do ano actual, que indubidablemente vaise impondo grandemente e cada ano celébrase con mais entusiasmo e con mais efusión.

Festas Galegas

VENDO PASAR OS COROS.

Iban os coros para a festa. Iban os coros coas suas bandeiras, entre o algueireo brincadeiro das gaitas e pandeiras; as vivas córes dos seus traxes típicos destacando coma unha nota de ledicia, de vida, de trouleo, no medio das escuras vestimendas vilengas das xentes que camiñaban nun fató á carón d'eles. E o rebuldeiro son dos instrumentos, e o arrufo do grupo espertaba na familia que-os vía pasar a súa influencia de enxebreza, de ledicia, de amor á arte do pobo, de saudade pol-o espírito da Terra que vibra, que latea uns instantes nestes momentos en que todos sintense galegos porque se atopan á sós coa súa alma; pol-a intimidade dos sentimentos que esperta a nosa variadísima, a nosa tan rica música popular.

Iban os coros para a festa, e eu, véndoo pasar, deixádomo levar pol-a atracción da rebuldeira música que me arrastou atrás d'eles, cavilaba...

Cavilaba no moito que estes rapaces, que somellan tan enxebres, podían facer se lle derán a súa labor un aspéito

de apostolado; se en troques de se adicaren á facer esas festas coma quen vai de riandola pol-as vilas adiante, fixeran coma unha pelengrinación da arte rexional, e un culto do amor á Terra que fose de cote a súa guía nas excursións; se, tendo en conta que visten o traxe dos antigos labregos, d'aqueles que souperon defender cos seus únicos medios á súa Terra contra da cobiza estranxeira mála á se atoparen órfos do amparo, da axuda do Goberno hespañol; tendo en conta que os seus cantos, que as suas músicas, son o produto do espírito artístico da Terra, por amor á sí mesmos e ás cousas que representan, por propia dinidade, engrandécense a súa labor complándoa co uso constante da nosa fala, e procurando sempre que o nome de Galicia fose algo sagrado ao que rendisen un culto de amor e traballo.

¿Será posíbre, rapaces dos coros galegos, que non sintades a cobiza da gloria para a vosa Terra? Eu quero creer que todos, todos, amades á Galicia. Eu quero creer que non vestides o traxe típico dos nosos vellos labregos coma quen vai nunha choqueirada do Antroído; que non cantades por ir de troula aquí ou acolá nin por colleitar diñeiro, que sentides a grandeza da nosa arte popular, que queredes a grandeza en todol-os ordes para Galicia...

Eu quero creer que, coma bós galegos, onde queira que vaiades levaredes coas vosas bandeiras, que ostentan as córes sagradas e o escudo da nosa Terra, o apostolado do enxebriño. Eu quero creer que falaredes de cote coma faláron sempre os que souperon ser homes en Galicia.

O PÚBLICO.

O público enche as localidades todas. É un público na súa maoría de xentes homildes; homes traballadores de fábricas, talleres e comercios; mulleres modestas... Xentes que tal vez falan de cote no idioma da Terra nas suas casas, nas relacións íntimas, e que noustante en público fan ostentación d'un castelán que acae mal nos seus beizos; que estarrece coma un falar falso, forzado, falar hipócrita que non se sente.

Ao aparecer os coros no taboado ou na area, estouran os aprausos. Logo faise o silencio, un silencio de recollimento relixioso, para escoitar os alalás saudosos, as algueireiras ruadas, os churrusqueiros desafíos, as muiñeiras... e aprauden con quentura, con entusiasmo, sentindo ferver o sangue coa propia satisfacción de se sentiren emocionados coas cantigas, coa música, cos bailes, que son froito da espiritualidade e da arte da Terra. Pero nada mais; non ven mais, non pensan en que esas demostracións artísticas son as derradeiras charamuscas da espiritualidade creadora que entre todos van matando, porque afógana en si mesmos e contribuen á afogala nos demais coa súa indiferencia que vai deixando esmorecer a fala, medio de expresión, verbo da espiritualidade, e que é necesario alental para que rexurda vizosa e forte, podente e creadora.

É pensen tamén que hai outras festas galegas, os libros e o teatro ofréndanlles nunha íntima comunidade de sentimentos a riqueza da súa arte, da súa emoción. Pensen tamén que unha Terra, que un país, que produce tan vizosa variedade de armonías, de ritmos, de sentimentos e emocións estéticas, de arte que é reflexo de vida e cultura, é un país que ten dereito á figurar nas primeiras ringleiras. Pensen que unha fala que tales prodixios produxo, que tales emocións proporciona, é unha Fala dina de se considerare pol-os seus no primeiro lugar.

Cavilen tamén que mais estima merecen as xentes que se amostan tal e coma son que non os que finxen o que non sinten; que é mais importante, que é mais glorioso, ser orixinal que copiar á outros; e sobre todo, que se poñemos da nosa parte amor e traballo para coerguer o nivel cultural, artístico, económico ou de calquera índole,

da nosa Terra, conseguíremolo, e todos, ausolutamente todol-os galegos temos o deber, temos a obriga, de contribuir cós nosos medios e con toda a nosa vontade ao engrandecimento da nosa Patria.

XAVIER FRAGA.

A bandeira galega

Temos que rexistrar con ledicia o feito de que en todol-as festas e actos que se celebraron na Cruña con motivo da chegada da excursión da Habana, todal-as sociedades e en todas partes ondeou a bandeira galega. Isto non pasaba fai tres anos e demostra con o galeguismo vai despertando en todos e como imos avanzando cada vez mais.

Sentímonos moi satisfeitos de que así sexa e de que o exemplo da capital de Galicia sexa imitado polo-os demais pobos da terra.

Como decimos n-outro lugar d'este número, o Concello de Vigo acordou pendurar a bandeira galega os días de festa a carón da hespañola.

No Concello de Santiago, o concellal agrario Sr. Antelo propuxo e acordouse xá que tamén a nosa bandeira figure no Pazo Municipal a carón da hespañola.

A "Irmandade da Fala" da Cruña enviou ao señor Antelo un mensaxe de agradecemento pol-a súa patriótica proposición.

Como se ve, ao fin vaise despertando o galeguismo en toda a Terra e xá as Corporacións oficiás comencian a colaborar n-esta obra de rexurdir da nosa Galicia, realizando unha labor que para nós tén unha fonda importancia pol-o que representa.

Compre agora que o exemplo da Cruña, Vigo e Santiago atope igual acollida nos demais pobos galegos e veamos n-un prazo breve a nosa santa bandeira pendurada en todol-os Municipios da Terra.

N-esta hora do rexurdir da Patria teñen unha fonda transcendencia estos feitos que con fondo orgullo e satisfacción rexistramos.

O moimento a Curros

Celebróuse xá o acto de colocar a primeira pedra para o moimento que na Cruña vaise erguer a Curros Enríquez. Non val a pena reseñar o acto. Sô diremos que houbo discursos rebosantes de cursilería e d'un galeguismo percalinesco.

A "Irmandade da Fala" asistiu ao acto porque como xá dixi máis veces está moi d'acordo con que se faga o moimento que perpetuará a lembranza d'un dos nosos máis grandes homes. Non fixo máis que acto de presenza.

Pero non esquecemos que temos pedido, como Galicia enteira, que o moimento sexa obra d'un artista galego. Temos moi presente canto dixemos en col do asunto e non nos vólvemos atrás. Compre agora agardar a ver que fan os encarregados de erguer o moimento e según eles fagan obraremos nós.

¡PRECISAMOS DE VOSTEDE! Decátese de que si falta a súa cuota, poden fracasar as ESCOLAS D'O INSINO GALEGO.

Papel de fumar

N O R O E S T E

Cataluña, Vasconia e Galicia

"La Publicitat" e "L'Estat Catalá", de Barcelona, venñen falando estos días da necesidade de facer unha unión entre os nacionalistas catalás, vascos e galegos. A idea atopou favorabre acollida nos nacionalistas de Cataluña e Vasconi e encol de tan interesante asunto lévase falado moito polo-os nosos irmáns d'aqués pobos.

Pol-a nosa parte non podemos menos que facer presente a nosa conformidade unha vez máis, pois aínda que non da mesma forma, de xeito semellante expuxémola xá máis veces e con ouxeto de facer algo n'ese senso lanzamos o ano pasado un manifesto propoñendo a celebración d-unha asamblea nacionalista ibérica para chegar a unha unión e un estreitamento de relacións entre todos, pois coídamos que a unión nosa é a que millor nos ha de levar ao conqwerimento do trunfo.

N-estes momentos en que a descomposición do réxime centralista con todal-as suas derivacións estase desmoronando ruidosamente, faise preciso a unión de todos para o logro das nosas aspiracións e para o salvamento das Patrias respetivas.

Conformes en ausoluto co'a idea agardamos dos irmáns de Cataluña, xá que eles a propuxeron, que non deixen de man a cousa e convén xá ir poñéndonos en relacións para ir vendo o que imos facer e comenciar a traballar con firmeza e entusiasmo. Coidamos que non se pode aprazar por un momento máis e rogamos aos nacionalistas catalás comencen xá a poñer en práctica a idea na seguranza de que os nacionalistas galegos responderemos a ela con todo o noso entusiasmo e con toda a nosa actividade.

¡Adiante, pol-a libertade das nosas Patrias!

Guerra Junqueiro

Tamén Guerra Junqueiro acadou un h grande popularidade, non somente en Portugal senon en todol-os centros intelectuás do mundo nos que se rinde admiración ao xenio.

Casi coincidindo coa colocación da primeira pedra para o moimento de Curros Enríquez, Portugal inteiro rindía o máis fondo e popular homenaxe ao seu grande poeta, e aquel día, os oradores galegos puideran dicir cousas moi sentidas facendo un paralelo entre os dous poetas irmáns, que tiveron unha grande semellanza pol-a tendencia do seu labor literario. Mais, como sempre, presentaron un Curros Enríquez tan probe, tan desfigurado, que se fose como das suas palabras se deduce, non sería merecente da sona e da gloria que nimba o seu nome.

Guerra Junqueiro, como Gomes Leal e como o noso grande autor de "Quebrar as liras", foron poetas, fillos direitos da revolución e da enciclopedia, que prestaron á humanidade grandes servicios. Inda que pareza paradóxico, "a musa d'eles estaba envolta na máis pura e nidia aspiración relixiosa, libre de esectarismos e indireitada decote ao ideal máis redentor e xeneroso.

Sí, decía o gran poeta portugués, eu creio que despois do sono derradeiro, existe unha treva e unha lus, para o vicio que morre trunfante sobre un trono, para o santo que espira inerte n-unha crus. E máis adiante dí, n-estes versos no prólogo de "A Vellice do Padre Eterno":

"Tenho uma crença firme, uma crença robusta
N'un Deus que ha-de guardar por sua propia mão
N'uma jaula de ferr a alma de Locusta,
N'um relicario d'oiro a alma de Platão."

Comprendemos perfectamente a impresión dôrosa que a morte de Guerra Junqueiro causou en todo Portugal. Ningún outro poeta portugués logrou a súa inmensa altura,

ningún superou ao autor de "Tragedia infantil" e da "Morte de Don João", e no terreo verdadeiramente lírico ningún achará nada igual as suas derradeiras composicións "Oração á luz" e "Oração ao Pão".

Galicia toma unha grande parte no sentimento pol-a desaparición do grande poeta lusitán, que non podemos esquecernos da forte irmandade, que pol-a lingua e pol-a historia, nos xunta con aquel heroico pobo, e que quizais n-un futuro non lonxano volvan a camiñar da man en procura d'un mesmo ideal.

ASIEUMEDRE.

Unha boa nova

Na Cruña acábase de inaugurar un novo hotel situado no paseo do Relleno. Leva por nome "Atlantic Hotel" e téñen todol-os adiantos e comodidás que precisa un hotel de primeira categoría. Falla facía un hotel así na nosa cibdade.

Aparte do que como progreso material este feito representa téñen o mérito de que dende a data da inauguración pendurou sempre a bandeira galega que adoptou xá como oficial. Cando veu a esxursión de Cuba pendurou somentes as bandeiras cubana e galega e no "Día de Galicia" somentes a nosa.

Prodúcenos esto grande ledicia e á par que felicitamos agradecidos aos propietarios do hotel, desexamos que este conquira grandes éxitos e unha vida próspera. En dous aspectos vén a facer un gran servizo á capital de Galicia.

CONFRATERNIDADE GALAICO-PORTUGUESA

Homenaxe a Rosalía Castro

O Instituto Histórico do Minho, a cultural institución de Viana do Castelo, que tantas próbas leva dado xa das boas relacións, da irmandade, que o une á Galicia, celebrou o pasado mes unha gran velada literaria en honra da nosa santa Rosalía.

Foi, a xusgar pol-o que leímos nos xornaes portugueses, especialmente en "A Aurora do Lima", da cidade miñota, unha gran festa de homenaxe á gran poeta e un brillante acto de confraternidad galaico-portuguesa, xa que na concurrencia figuraron a mais de relevantes persoalidades do país irmán, entre elas o ilustre poeta Teixeira de Pascoaes, o poeta galego Noriega Varela e algúns outros escritores da nosa Terra.

Afilla do Sr. Noriega, vestindo o antigo traxe das nosas mulleres, rodeada por un fato de lindas señoritas portuguesas ataviadas á moda do Miño, leu algunhas poesías da inmortal cantora do Sar, e o Sr. Cervaens Rodríguez pronunciou un discurso enaltecendo a Rosalía e estudando as suas obras.

Tamén foron lidas pol-o seu autor algunhas poesías de Noriega Varela, que foron calurosamente apraudidas.

Con ocasión d'esta festa tamén o señor secretario do Y. H. M., Julio de Lemus, trazou un documentado estudo sobre Rosalía, apoiándose nos diversos traballos dos escritores galegos, e nun número extraordinario de "A Aurora do Lima" fai unha relación das figuras mais saintes de Galicia nas letras, nas ciencias e nas artes.

Lazos de verdadeira irmandade únennos á Portugal, escritores galegos e lusitanos trátanse e aprécianse como camaradas, e estes actos que se honran aos homenaxeados, honran tamén á aqueles que por admiración e por amor lévamos á cabo, échennos de ledicia e nos achegan mais e mais ao país irmán.

Mais, compre que digamos tamén algo que para nós é coma unha espíña que temos encravada no curazón. Por

Dems, irmáns de Portugal, lembre que a nosa santa Rosalía escribiu aqueles versos

"Probe Galicia, non debes chamarte nunca española..."

e aqueles outros

"Permita Dios, castellanos, castellanos que aborrezo..."

como sempre, contra a tiranía do Estado hespañol e contra o abandono en que nos téñen, escribiron todos os *nosos* poteas, todos os *nosos* verdadeiros patriotas.

Pol-o tanto, irmáns de Portugal, n-estas festas de homenaxe aos *nosos* grandes valores, que non figuren bandeiras hespañolas, que non se lean versos en castelán, que non se invite á escritores que non sexan escritores *galegos* dos que honran á sua fala e á sua Terra.

Galicia, a irmá irredente vol-o agradecerá.

En poucas verbas

A xunta directiva do Patronato da Caridade dimitiu por ter prohibida a autoridade o funcionamento d'esas *timbas* do Relleno disfrazadas cō nome de rifas ou tómbolas.

Pol-o visto a caridade sōmente faise á conta do vicio.

Así nos espricamos por qué as señoritas que vān ás festas de caridade son tan amigas de se poñer *mantós de Manila*. Tíralles a *chulapería*.

* * *

En Viana do Castelo, cidade portuguesa onde ten a sede o Instituto Histórico do Minho, celebróuse por esta entidade cultural lusitana unha grande festa en honor da nosa santa Rosalía.

A noticia encheunos de ledicia, mais logo... logo vimos que para honrar a figura mais importante das letras galegas, do espírito galeguista, fixéronse discursos en castelán, léronse poesías en castelán e tomaron parte no acto algúns persoaxes d'eses que son contrarios ao noso espírito e á nosa fala.

Pero, señor, é que tanto os de alem como os de aquem Miño non se lembran d'aqueles versos da santa Rosalía:

Permita Dios, castellanos, castellanos que aborrezo...

¿Ou é que esa festa fíxose á ela por fachenda e non por sentimento e por honrar de verdade ao noso gran poeta?

* * *

Andrés González Blanco, en unha recente noveliña "Las Españolitas de Lisboa", chama á un "gallego" para que lle leve as maletas; despois encomenda á outro "gallego" a entrega d'unha carta para unha "entretendida".

E di: Son estos "gallegos" clásicos de Lisboa a la vez comisionistas y alcahuetes, que aceptan gustosos y sin agravio para su condición servil todas las encomiendas y recados de amor por difíciles y escabrosos que sean..."

"El gallego, imagen de esa raza crucificada y servil que tanto se ha agachado para ganar el sustento diario..."

Ben é certo que tamén presenta como "cocotes" á todas as "españolistas", e mal por mal, seique é mellor pertencer á raza gallega, que él chama servil, do que ser, como é sen dúbida Andrés González Blanco, fillo de "españolita".

* * *

A policía adícase en toda Hespaña á perseguir obreiros e propagandistas políticos.

A Guardia civil "custodia" os colexios electoraes e fusila aos campesinos galegos.

En troques, en Barcelona sigue habendo asesinatos diarios e atracos á todas horas...

* * *

Unha revista madrileña, "El Financiero", publicou un número extraordinario con motivo do "Congreso do Comercio español de Ultramar".

Este número veu cheo de vistas de todas as cidades e vilas de Hespaña, presentando as belezaas naturais e arquitectónicas e os progresos da industria.

De Galicia apenas trae dúas fotografías de Vigo, outras dúas de Lugo e outra *dós penedos que hai entre o castelo de San Antón e a porta de San Miguel* co este título: "Entrada del puerto de La Coruña".

É unha maneira de facer propaganda *à inversa*, contra da que protestamos. Xa quixeran moitos portos hespañoles dos máis gabados ter a beleza e as condicións do porto da Cruña.

LECTURAS

Migalhas de Pão.—Cunha garimosa adicatoria recibimos este belo libro orixinal do distinto xornalista portugués Lucio Moreno.

Trátase d'un conxunto de crónicas impregnadas d'un fondo sentimento, e nas que, con preferencia, pintase o vivir amargurado dos humildes.

Nos tempos actuaes, estes traballos de poucas páxinas son preferidos ás grandes novelas que a intensidade constante do labor cotiá non deixa vagar para leer. Se, como en *Migalhas de Pão*, os artigos, as crónicas, os contos, son o froito da observación e da espiritualidade do autor, nada de estrano tén que o éisito do libro sexa grande.

Para nós ten ademais esta obra a lembranza dos días vividos na gran cidade portuguesa, e a lembranza tamén, chea de saudade, daqueles disgraciados amigos mortos can-

do a vida encómenczaba a sorrir para eles, que se chamaron Peralta e Váz Passos.

Outros nomes estimados figuran tamén nas páxinas do libro que saboreamos con deleite: Leonardo Coimbra, Raul Brandão, Celestino Gomes...

Agradecemos en canto val o envío do Sr. Lucio Moreno, a quen agardan días gloriosos nas letras do país irmán.

Amor malfadado.—Leandro Carré.

O noso querido irmán Leandro Carré Alvarellos, tan conocido e gabado pol-as moitas obras que leva escrito para o teatro galego e outras producións notables n'outros aspectos, acaba de publicar unha noveliña corta que titula "Amor malfadado". Está escrita con unha sinxeleza que encanta e basada n'un argumento sinxelo e precioso que lle dona un gran intrés a esta nova produción, premiada moi xustamente no certame de Corcubión. Todas cantas gabanzas poidamos facer de Carré parecerían improcedentes, porque ben conocido é na literatura galega e que ademais por ser da casa coidamos non debemos extendernos nos eloxios para dar a conocer o seu valimento que o mesmo nós que os que conosco non figuran temós e teñen sobradamente reconocido.

Un aprauso a Carré pol-a publicación d'esta noveliña, á que agardamos sigan outras, e a nosa embora pol-o éxito conquirido.

"Amor malfadado" véndese n'a nosa administración, a 0,50 pesetas.

¡NON NOS DEIXES SOIOS! Si ES AMANTE
d'a Nosa Cultura, debes protexer ás ESCOLAS D'O IN-
SINO GALEGO.

CAMILO DIAZ BALIÑO

Huertas, 37

Santiago de Compostela


TALLERES DE PINTURA DECORATIVA

Decoración pra Teatro en papel especial e tela, con dúas ou máis transformacións -- Especialidade en asuntos e paisaxes gallegos -- Decoración pra Teatros pequenos e salóns familiares --

Pantallas especiaes pra Cine -- Construcción de Carrozas e Arcadas para festas

Traballos de propaganda -- Restauración e decoración d'Altars e imáxines

Construcción de Monumentos de Semana Santa -- Paneaus decorativos e decorado de Salóns en todos estilos, ao óleo y ao temple -- Imitación de tapices con asuntos de pinturas antigas e modernas :-: PREZOS ECONOMICOS



Edificio do Kiosco Alfonso - Paseo de Méndez Núñez

Kiosco Alfonso

Situado no centro do paseo de Méndez Núñez
É o preferido do público. O mellor local de verano

Gran Restaurant NO PISO ALTO

Fermoso Salón-Comedor
Luxosa instalación
Servicio esmerado

Cuberto: 4'50 pesetas

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrás: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa conecida.

Recíbense encargos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encargos.

Os viños e coñás millores
os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de **Xerez da Fronteira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto
de mundial e reconecida sona é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa
non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante excrusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

BANCO HISPANO-AMERICANO

==== MADRID ====

Capital: 100 millós de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e extranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao	ano	nas	cartas	disponibles,	à	vista.
2 1/2	por	100	id.	id.	id.	id.	id.	a	3 meses data.
2 3/4	por	100	id.	id.	id.	id.	id.	a	6 id.
3	por	100	id.	id.	id.	id.	id.	a	1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (inercuida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operaciós bancarias nas condiciós máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas extranxeiras a ti, os excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	"	"
En prazo fixo de tres meses	3	"	"
Idem id. 6 meses	3 1/2	"	"
Idem id. un ano	4	"	"
A máis prazo			convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

Vida Marítima e Comercial



Compañía Naviera "Stinnes"

(Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correios a os portos do BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES

PROXIMAS SAIDAS DA CRUÑA

GENERAL BELGRANO 12 de Septiembre

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira crás..... 390'10

Idem en camarotes pechados..... 410'10

(Incluídos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía: *Roxelio Fernández Conde.*—Feijóo, 4, baixo.—A Cruña.



Sud-Atlántica

Chargeurs Reunis

PROXIMAS SAIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 cabalos de forza e dous hélices,

Precios en terceira crase (incluídos impostos)

18 Agosto	EUBEE	Ptas. 362,60
1 Septiembre	GROIX	Ptas. 412,60
10 Septiembre	MEDUANA	Ptas. 412,60
15 Septiembre	CEYLAN	Ptas. 412,60
29 Septiembre	FORMOSE	Ptas. 412,60
8 Octubre	MOSELLA	Ptas. 412,60
13 Octubre	AURIGNY	Ptas. 412,60
27 Octubre	DESIRADE	Ptas. 412,60

Precios en primeira crase a Buenos Aires: 1.150 ptas.

En segunda crase a Buenos Aires: 888 ptas.

(Suxetos as variacións do cambio e sin impostos.)

TERCEIRA PREFERENCIA—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salós de conversación e café cuberto, independentes. Precio n-esta clase: é o corrente de terceira mais un suplemento de 125 ptas.

TERCEIRA EN CAMAROTE—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salós de conversación e cantinas: o precio de 442'60 ptas. incluídol-os impostos.

Remitiránse fotografías d'estas istalacións a quen as pida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerais en Hespaña: ANTONIO CONDE, FILLOS.—Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas *Chargeurs*.

Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires.

Precio en terceira cras (incluídos impostos)

Correo rápido	Flandria	1.º Septiembre	435 ptas.
Correo rápido	Gelria	22 Septiembre	435 ptas.
Correo rápido	Orania	6 Octubre	435 ptas.
Correo rápido	Zeelandia	20 Octubre	435 ptas.

Ademiten carga e pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, intermedia e 3.ª crás. O vapor «Zeelandia» somentes ademite carga e pasaxeiros de 1.ª, intermedia e 3.ª crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiros que viaxan en terceira crás corrente, amplios comedores fixos, magníficos fumadores, cubertas resguardadas, cuartos de baño, duchas, etc., levando para servizo dos mesmos Camareiros, Enfermeiros e Cocinheiros hespáñoles.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pasaxe; maors de 10, pasaxe enteiro. Para cumprimentar as disposicións arxentinas é indispensable que todo pasaxeiro presente a documentación con CINCO DIAS de anticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Agente general da Compañía en Hespaña: D. RAIMUNDO MOLINA E COUCEIRO, Consignatario. Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña.

Sobriños de José Pastor

BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

Fernández, Torres y C.ª

Casa central: A CRUNA

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... } Urbano 75 e 78
 } Interurbano 49

VIGO

Urzáiz, número 1 Teléfono 255